

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019347	CPI Camiño de Santiago	O Pino	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	14

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

EDUCACIÓN INFANTIL: OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACION INFANTIL
ADAPTADOS AO CONTEXTO DO NOSO CENTRO EDUCATIVO.

- a) Coñecer o seu propio corpo e as súas posibilidades de acción aprendendo a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades cotiás.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais, afectivas e sociais.
- e) Relacionarse coas demais persoas e adquirir pautas elementais de convivencia, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e da nosa contorna, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

EDUCACIÓN PRIMARIA: OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
ADAPTADOS AO CONTEXTO DO NOSO CENTRO EDUCATIVO.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática e respectar os dereitos humanos.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia que lle permitan desenvolverse con autonomía nos diferentes ámbitos da vida.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, xa sexa por xénero, raza, crenzas, discapacidade, orientación ou identidade sexual,...
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar, comprender e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicar os coñecementos adquiridos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos demais, e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiás saudables, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. ñ) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e da contorna, poñendo de relevancia as persoas que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

EDUCACIÓN SECUNDARIA: OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA ADAPTADOS AO
CONTEXTO DO CENTRO.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria

para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Apreciar a riqueza patrimonial do noso concello, así como fomentar o gusto pola arte e a cultura.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. Achegar a cultura e á arte ao alumnado, tanto dende o currículo das distintas materias como coas actividades complementarias.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O profesorado contribuirá á adquisición das competencias clave por parte do alumnado segundo se describe, por competencias, do xeito seguinte:

a) Competencia en comunicación lingüística:

Desenvolvendo nas programacións didácticas a comprensión lectora e a expresión oral e escrita; favorecendo a realización de tarefas e actividades nas que a comprensión e expresión lingüística teñan un papel primordial; fomentando o correcto uso da lingua por parte do alumnado.

b) Competencia plurilingüe:

Desenvolvendo as actividades correspondentes ás seccións bilingües, tanto das dúas linguas estranxeiras (inglés e francés) como do galego e o castelán. Poñendo en práctica en cada materia o correcto uso das distintas linguas en todas as etapas educativas, valorando e reflexionando sobre o seu uso; axudando a coñecer a realidade lingüística do alumnado así como a historia da lingua propia.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría:

Desenvolvendo o coñecemento científico en cada materia; valorando a importancia da ciencia e da tecnoloxía dende cada materia; fomentando o pensamento científico e a capacidade tecnolóxica na práctica do noso alumnado; promovendo actividades complementarias que fomenten a práctica científica.

d) Competencia dixital:

Empregando ferramentas e aplicacións dixitais na práctica educativa; potenciando o uso responsable das tecnoloxías dixitais por parte do alumnado, recoñecendo os riscos que entrañan e as súas potencialidades.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender:

Fomentando a autonomía do alumnado, a reflexión para o autocoñecemento, o control das emocións e o desenvolvemento de habilidades para o trato coas persoas, para a xestión do tempo e o desenvolvemento de condutas responsables.

f) Competencia cidadá

Promovendo e fomentando a convivencia cívica en todos os ámbitos da vida cotiá. Fomentando na práctica educativa condutas responsables e solidarias.

g) Competencia emprendedora

Potenciando condutas proactivas, creativas e innovadoras, dentro dun clima propicio para a creación de novas ideas e propostas.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais

Fomentando a interculturalidade, achegándonos ás distintas culturas e expresións artísticas; valorando o patrimonio propio, así como outros patrimonios artístico-culturais que enriquecen o noso. Facilitando o acceso a outras expresións artísticas e culturais.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Entendemos por elementos transversais aqueles aspectos que deben ser traballados ao longo das distintas etapas educativas (infantil, primaria e secundaria) de xeito que o seu tratamento sexa abordado en todas e cada unhas das áreas/materias sen prexuízo de que se aborden dun xeito máis específico nalgunhas delas.

Deste xeito, nas tres etapas educativas, trataranse de xeito transversal e adaptado ao alumnado correspondente contidos relacionados con:

- A igualdade entre mulleres e homes.
- As pautas elementais de convivencia e relación social, así como co medio natural.
- A educación para a paz, respecto mutuo e cooperación entre iguais. A resolución pacífica de conflitos.
- A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- A educación para a saúde e a educación afectivo-sexual.
- A concienciación e formación sobre o cambio climático.
- A educación emocional e desenvolvemento afectivo.
- A educación en valores: aqueles que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos, o rexeitamento ante calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

En todas as áreas/materias se lle dará especial importancia á comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e crítico e o emprendemento social e empresarial. Igualmente fomentarase no alumnado a autonomía, iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Co obxecto de fomentar o hábito e o dominio da lectura e da comunicación na etapa de Educación Primaria adicaranse 15 minutos no 1º ciclo e 20 minutos no 2º e 3º ciclo repartidos en tres sesións, nas materias do ámbito lingüístico. Asemade adicarase tamén un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos e á resolución de conflitos.

Na nosa labor docente, evitaremos empregar comportamentos, estereotipos e contidos sexistas e aqueles que supoñan a discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero, procurando empregar unha linguaxe inclusiva e libre de prexuízos e estereotipos.

Desde as titorías e o Equipo de Orientación lévanse a cabo diferentes actividades para promover a transversalidade do currículo.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As decisións de carácter xeral sobre os aspectos metodolóxicos terán como referente o establecido nos Currículos oficiais e, tendo en conta na nosa práctica docente os seguintes principios:

- A participación activa do alumnado na súa propia formación.
- O desenvolvemento das capacidades de crítica, autocrítica, autonomía, así como de investigación e comunicación.
- A funcionalidade, habilidades e valores que sirvan para a formación global dos alumnos e alumnas e a súa integración na sociedade.
- A avaliación sistemática de tódolos procesos implicados na tarefa docente.
- Aprendizaxe significativa que lle permita ao alumnado establecer relacións consistentes entre os seus coñecementos previos e as novas aprendizaxes.
- Actividades motivadoras que esperten o interese do alumnado e promovan o seu propio coñecemento.
- Creación dun bo ambiente de traballo que favoreza a comunicación e o intercambio de ideas, valorando e respectando as diferentes opinións.
- Ensino inclusivo, que respecte as diferenzas de cada un e trate de compensar as carencias, atendendo á diversidade de capacidades e personalidades do alumnado.
- Ensino globalizado como técnica docente e proceso de ensinanza.
- Coordinación entre tódolos niveis e etapas educativas.

Estas decisións atenderán aos seguintes aspectos:

- a) Métodos pedagóxicos: Cada docente elixirá o seu método atendendo aos principios metodolóxicos detallados anteriormente. A metodoloxía a aplicar tratará sempre de acadar o nivel máximo de comprensión, procesamento e transformación do coñecemento.
- b) Técnicas didácticas: Na práctica docente teranse en conta as diferentes técnicas didácticas: Aprendizaxe por Proxectos, Educación Emocional, Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP), Aprendizaxe Cooperativo, Deseño Universal de Aprendizaxe (D.U.A).
- c) Estratexias: Empregaranse técnicas como a motivación, actividades en grupo, resumos e sínteses, debates, exposicións. O centro facilitará ao profesorado, os espazos (biblioteca, aula de radio escolar, aula de tecnoloxía, laboratorios...) e os recursos materiais necesarios para xerar ambientes que favorezan a curiosidade, o desenvolvemento da aprendizaxe activa, fomenten a reflexión e o diálogo.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O desenvolvemento íntegro do alumnado é a nosa finalidade, por iso é importante a selección materiais e recursos didácticos que se empregarán durante o proceso de ensino-aprendizaxe.

O profesorado poderá empregar variedade de materiais na súa aula tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Prestar especial atención na elección de libros de texto e materiais didácticos de xeito que poñeremos o foco na eliminación de contidos sexistas e estereotipos que supoñan a discriminación entre mulleres e homes así como evitando todo tipo de desigualdades (de raza, relixión, orientación/identidade sexual, por discapacidades...).
- b) O material da aula deberá contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición das aprendizaxes e competencias. Ademais serán axustados e adaptados ao nivel de desenvolvemento do alumnado (tanto cognitivo como físico e afectivo-social).
- c) Os recursos e materiais favorecerán as destrezas do alumnado e o acceso ao currículo de todos eles, tendo especial atención no alumnado con necesidades educativas especiais. Neses casos, os materiais deberán estar adaptados atendendo ás características propias de cada alumna/o.
- d) A finais de cada curso os distintos equipos de ciclo/departamentos escollerán os materiais didácticos para o vindeiro ano. Deberá terse en conta o profesorado definitivo do centro susceptible de impartir docencia nese ciclo para o vindeiro curso, así como as propostas do profesorado provisional que impartiu docencia no curso actual.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do noso centro abrangue as tres etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Dentro de cada unha delas a oferta configúrase do seguinte xeito:

Educación Infantil

- a) A lingua que se usará como predominante determínase coa enquisa realizada polas familias no momento da admisión.
- b) O alumnado que non opte pola área de relixión recibirá Atención Educativa.
- c) Para favorecer a aproximación a unha lingua estranxeira impartirase inglés unha hora semanal.

Educación Primaria

- a) Opción Relixiosa:
 - Relixión Católica ou Proxecto Competencial.

Educación Secundaria

O equipo docente acorda distribuír as 2 sesións de libre disposición de centro do seguinte xeito: en 1º de ESO, 1 sesión adicional para cada unha das materias seguintes: Bioloxía e Xeoloxía, e Lingua Castelá e Literatura. En 2º de ESO, 1 sesión adicional para cada unha das materias seguintes: Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

- a) Opción Relixiosa:
 - Relixión Católica ou Proxecto Competencial.
 - b) Optatividade:
 - En 3º ESO, optativas autonómicas: Segunda Lingua Estranxeira (Francés), Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria. Asemade, a partir do curso 2024 - 2025, ofrecerase a materia de Cultura Financeira.
 - En 4º ESO, optativas estatais: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Educación Dixital, Música, Latín, Economía e Emprendemento, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Tecnoloxía, Expresión Artística, Segunda Lingua Estranxeira (Francés). Asemade, a partir do curso 2024 - 2025, ofrecerase a materia de Intelixencia Artificial para a Sociedade.
 - En 4º de ESO, Matemáticas A ou Matemáticas B.
- Asemade, neste curso contamos con tres seccións bilingües na ESO. Dúas delas en 3º de ESO (Xeografía e Historia e Música), e unha máis en 4º de ESO (Xeografía e Historia).

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias programaranse atendendo aos seguintes criterios:

- a) Deberán favorecer a adquisición dos obxectivos xerais e das competencias clave por parte do noso alumnado.
- b) Estarán organizadas dun xeito vertical, de maneira que as distintas actividades (visitas, saídas) se complementen nos distintos cursos evitando realizalas de xeito repetitivo ao longo da escolarización do alumnado.
- c) Promoverase a realización de actividades interdisciplinarias para unha optimización dos recursos económicos do centro e das familias.
- d) Realizaranse actividades que dean resposta ás novas demandas da sociedade nas que está inmerso o alumnado de xeito que favoreza un enriquecemento no seu desenvolvemento como futuras/os cidadás, e tamén a igualdade de oportunidades e un mellor coñecemento do entorno que o rodea.
- e) Atenderase ás propostas realizadas polos distintos equipos (Orientación, EDLG, extraescolares, biblioteca) e poderán levarse a cabo sempre e cando a actividade proposta garde relación coas distintas programacións e os criterios aquí recollidos.
- f) Procurarase realizar actividades que promovan a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación afectivo-sexual, o coidado da natureza, a educación para a saúde, a non discriminación.
- g) Terase en conta as diversas familias que hai no centro, de xeito que as actividades propostas non discriminarán ao alumnado en función das súas capacidades nin do seu nivel adquisitivo.
- h) Promoveranse actividades que teñan presentes os costumes propias da nosa contorna e da comunidade galega en xeral, fomentando a nosa música, as nosas festas e a cultura tradicional do noso pobo.
- j) A proposta de actividades deberá ser presentada á persoa Coordinadora do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias de para a súa aprobación coa Programación Xeral Anual antes do fin do mes de outubro de cada ano académico.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Os/As destinatarios/as do plan de reforzo son o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar.

Finalidade: seguir un plan de reforzo nas materias non superadas para a súa recuperación e superación.

O plan de reforzo terá as seguintes características:

- Será personalizado e adaptado ás características de cada alumna ou alumno.
- Será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.
- Os referentes para a súa elaboración serán os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.
- O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
- A familia será informada deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.
- Na sesión de avaliación final do curso, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Criterios para a elaboración do plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso (artigo 50, Orde 8 de setembro de 2021)

O/A destinatario/a do plan específico de reforzo será o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Elaborarase un plan específico de reforzo para cada alumna ou alumno que permaneza un ano máis no mesmo curso, que deberá ter as seguintes características:

- Será personalizado e adaptado ás características de cada un deles/delas.
- Será elaborado polo equipo docente do curso no que estea matriculado, coordinado polo titor ou titora.
- Estará supervisado polo departamento de orientación.
- Terá en conta o informe final do curso anterior, prestando especial atención ás dificultades que tivo a alumna ou alumno para acadar os obxectivos e competencias.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
- A familia será informada deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Criterios para a elaboración do plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso (artigo 52, Orde 8 de setembro de 2021)

O/A destinatario/a do plan específico personalizado de recuperación será o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Finalidade: adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas.

Os/As titores/as do curso saínte elaborarán, en coordinación co equipo docente, un informe final para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, indicando as medidas ordinarias que se aplicaron ao longo do curso e as necesidades educativas que motivan a repetición; este informe arquivarase no expediente da alumna ou alumno.

O equipo docente do curso entrante elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, o plan específico personalizado para cada alumno/a que permaneza un ano máis no mesmo curso.

O plan deberá ter as seguintes características:

- Será personalizado e adaptado ás características de cada alumno/a.
- Será elaborado polo equipo docente do curso no que estea matriculado, coordinado polo titor/a.
- Estará supervisado polo departamento de orientación.
- Terá en conta o informe final do curso anterior, prestando especial atención ás dificultades que tivo a alumna ou alumno para acadar os obxectivos e competencias.
- Cada departamento elaborará un guión dos obxectivos básicos requiridos para acadar a avaliación positiva en cada un dos cursos.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento
- O titor e a familia serán informados deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

- Criterios xerais para a avaliación en Educación Infantil.

1. A avaliación na etapa de Educación Infantil é entendida como un instrumento regulador, orientador e autorreceptor que lle permite ao profesorado obter información sobre as nenas e nenos e poder reaxustar a súa intervención se é preciso.

2. O principal instrumento de avaliación é a observación directa e sistemática do alumnado, podendo facer uso tamén doutros instrumentos como a análise das producións do alumnado ou as entrevistas coas súas familias.

3. En calquera caso a avaliación será unha práctica habitual e permanente do profesorado sendo global, continua, formativa e criterial, empregando como referente os criterios de avaliación que permitirán identificar as posibles dificultades do alumnado así como o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias e das capacidades recollidas nos obxectivos.

4. Os criterios de avaliación estarán vinculados a cada un dos obxectivos recollidos na programación e serán valorados de xeito cualitativo. Será o profesorado titor o encargado de sinalar o grao de consecución dos obxectivos didácticos, indicando en cada caso se o

ítem ao que fai referencia ese criterio de avaliación o acadaron "sen dificultade", "con dificultade" ou está "en proceso" de ser acadado.

5. Debido á que a avaliación é un proceso continuo, se o profesorado titor responsable do grupo clase observa que unha nena ou neno non evoluciona con forme ao esperado, e despois de poñer en práctica as medidas de reforzo pertinentes, poñerase en contacto coa

xefatura de estudos e o equipo de orientación para a súa valoración e posterior determinación de profesorado especialista.

FLEXIBILIZACIÓN.

A flexibilización (por ampliación ou por redución) nesta etapa educativa é unha medida extraordinaria que só se porá en práctica no caso en que o alumnado conte con necesidades específicas de apoio educativo e que se xustifique a súa conveniencia, atendendo ao informe psicopedagóxico realizado pola xefatura do Departamento de Orientación así como aos informes das posibles intervencións do Equipo de Orientación Específico se os houbese.

- Criterios xerais para a avaliación na Educación Primaria:

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran para cada unha das áreas no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou etapa.
3. A avaliación do alumnado será continua, global e formativa e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
4. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.
5. Ao longo do curso realizaranse unha sesión de avaliación inicial, como mínimo tres sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final.
6. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora de grupo e nelas participará o equipo docente deste. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.
7. A titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente e as propostas de mellora

PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.
3. O alumnado que non promocioe permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Dita medida irá acompañada dun plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só se poderá adoptar unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal.

Na adopción da decisión final, respectaranse os seguintes criterios de promoción establecidos:

Promocionarase ao seguinte curso (3º, 5º e 1º da ESO) nos seguintes casos:

- Cando a avaliación sexa positiva en tódalas áreas e se conseguise o desenvolvemento e adquisición das competencias clave.
- Cando a avaliación sexa positiva en case tódalas materias agás en 1 ou 2, sempre que se considere que a/o alumna/o vaia a ir adquirindo a maioría das competencias clave para continuar de forma satisfactoria o seu proceso de aprendizaxe. Teranse tamén en conta aspectos coma a integración co seu grupo, apoio familiar, actitude persoal ante o traballo e todos aqueles que permitan ao alumno/a acadar os obxectivos propostos.
- Cando o/a alumno/a non acade cualificación positiva en todas as áreas pero xa teña repetido unha vez na etapa.

Valorarase a non promoción:

- Cando o/a alumno/a obteña avaliación negativa en tres ou máis áreas.
- Cando o/a alumno/a obteña unha avaliación negativa en dúas destas áreas, Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Matemáticas valorarase a non promoción sempre que se considere que o non superar os obxectivos programados nestas áreas, así coma o non correcto desenvolvemento das competencias clave esixidas, dificultaría a adquisición de posteriores aprendizaxes no vindeiro curso.

EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA

I. Criterios xerais sobre a avaliación do alumnado de ESO:

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando o grao de adquisición das competencias clave, a través dos correspondentes descritores operativos, e o logro dos obxectivos da etapa como os referentes para as avaliacións, segundo se establece no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en Educación Secundaria Obrigatoria.
3. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora.
4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo.
5. A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
6. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os correspondentes descritores operativos.
7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fose o caso.
8. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.
9. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
10. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ESO.

A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establece no seu artigo 28 os criterios para a promoción do alumnado, decisión que deberá ser tomada de forma colexiada.

Segundo a orde, "Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou ten avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaranse de xeito independente".

"Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica."

CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ESO.

A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, establece no seu artigo 29 os criterios para a titulación do alumnado, decisión que deberá ser tomada de forma colexiada.

Segundo a orde, "O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións

seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa."

Coa finalidade de establecer as condicións en que o equipo docente verificará se se satisfán as condicións b) e c), acórdase o establecemento dos seguintes criterios:

É necesario que non exista no boletín de cualificacións máis de unha materia con cualificación de 2 ou inferior. Esta condición está motivada porque o equipo docente considera que un alumno/a que presente carencias notables en varias materias (o que estaría sucedendo se non se cumpre esta condición), está faltando claramente a este punto b) en relación a adquirir as competencias establecidas; xa que estas competencias se avalían a través dos descritores operativos concretados nas programacións, nos termos e ponderacións establecidos nas mesmas, e que se reflicten finalmente a través das valoracións obxectivas consignadas nos boletíns de cualificación. A non verificación desta condición, asemade, produce un detrimento na consecución dos obxectivos da etapa, apartado c), establecidos no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Simultaneamente á condición anterior, para o cumprimento deste punto b), deberá verificarse que a media aritmética das competencias, coa valoración obtida da aplicación XADE para cada unha delas, deberá ser de 5 ou superior. O establecemento desta condición é claro, de xeito que se poida acadar a adquisición das mesmas.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DE MATRÍCULAS DE HONRA EN 4º DE ESO:

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia, establece no seu artigo 12 os criterios para a concesión de matrículas de honra en 4º de ESO.

"As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra". (...)

"Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos".

O equipo docente determina que os criterios para a adxudicación das matrículas de honra van ser os seguintes. Aplicaranse nesta orde, recurrido únicamente ao criterio seguinte en caso de existir un empate.

1. Maior cualificación no expediente académico durante a ESO.
2. Maior cualificación para os cursos máis altos, isto é: maior cualificación en 4º de ESO. De persistir o empate, maior cualificación en 3º, en 2º e en 1º de ESO sucesivamente.
3. Maior número de materias con cualificación de 10 en 4º de ESO. De persistir o empate, maior número de materias con cualificación de 9 en 4º de ESO. De continuar o empate, utilizar este mesmo criterio en 3º, 2º e 1º de ESO sucesivamente.
4. Sorteio público.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Desde o día 1 de setembro de cada curso, ata o inicio das actividades lectivas, o profesorado, baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do profesorado titor que corresponda, dedicarase a adaptar e, de ser o caso, elaborar, a programación didáctica das áreas, materias, ámbitos ou módulos das ensinanzas correspondentes considerando as propostas de mellora recollidas nas memorias de final do curso anterior.

Antes do inicio das actividades lectivas, o profesorado responsable de cada departamento, da coordinación de ciclo e a titora ou o titor de curso fará entrega da programación didáctica á xefatura de estudos. A dirección do centro remitirá as programacións didácticas dos cursos impares á Inspección Educativa, antes do día 20 de setembro, que

comprobará a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes. No caso das programacións didácticas de segundo, cuarto e sexto cursos de educación primaria, segundo e cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, a dirección do centro remitirá as programacións á Inspección educativa antes do 1 de decembro.

Para a elaboración e o seguimento das programacións das áreas, materias ou ámbitos deberase utilizarse a aplicación informática PROENS, na que o equipo directivo cargará tamén a concreción curricular.

A dita aplicación informática tamén se utilizará para a entrega, supervisión e comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes parte da Inspección Educativa.

Na elaboración das programacións deberán terse en conta todos os criterios e as directrices establecidas en cada dun dos apartados desta concreción curricular.

Nos primeiros días de actividade lectiva cada equipo docente ou departamento didáctico informarán o alumnado e, de ser o caso, as súas respectivas familias ou representantes legais sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, materias, ámbitos ou módulos, incluídas as materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción e titulación.

O equipo directivo velará para que a información sobre a avaliación e os seus procesos sexa accesible e se lle dea publicidade de xeito manifesto para toda a comunidade educativa.

Esta información poderá realizarse por algún dos seguintes medios:

- Directamente ao alumnado nas aulas, en función da súa idade.
- Publicación na páxina web do centro e/ou nas plataformas de ensino virtual.
- Envío do enlace ao documento polo Espazo Abalar.
- Remisión da información en papel as familias.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios para participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son:

1. Que favorezan o traballo cooperativo mediante actividades interdisciplinarias que impliquen ao maior número de alumnado do centro.
2. Que axuden a acadar o éxito educativo, a mellora das competencias clave e do rendemento escolar cunha motivación positiva de cara ás aprendizaxes e potenciando a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
3. Que fomenten a innovación educativa, o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial e que estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.
4. Que favorezan o uso das novas tecnoloxías no ensino e impulsen a educación dixital.
5. Que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperá, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.
6. Que contribúan a mellorar a xestión dos centros, promover hábitos de vida saudables e impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible.
7. Que promovan a formación permanente do profesorado.

Así o centro participa nos seguintes programas e Plans:

- PLAMBE
- Proxecta+, Radio escolar
- PFPP

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A Concreción curricular será revisada e actualizada ao comezo de cada curso escolar, tomando como referencia a Memoria Final do curso anterior onde se recollerá a valoración da adecuación ao noso contexto e ao noso alumnado, por cada apartado e para cada etapa.

o) Outros apartados

1.